

ASEMBLEA SPG A GAVELA. Acta **b2** do mes - Antía. Xa non produce pero segue a participar no SPG para apoiar unha iniciativa que resulta de interese.

15/09/2019 11:00-14:00

Lugar: Local da Cooperativa Árbore / Asisten:

Antía, Ánxeles (Despensa), Javier, Cris (Verxel), Eduardo (Orxa), Cándido (Árbore), Belén e Xacobe, Marta (Raiceira), Estela, Luisa, David.

Orde do día:

1. ¿Quen estamos?.
2. Estado de contas.
3. Mostra do posible.
4. Encontro estatal.
5. Criterios para apicultura.
6. Criterios para elaborados.
7. Informe comunicación.
8. Seguinte Asemblea.

Detalle da orde do día:

1 ¿Quen estamos?

Faise breve presentación das presentes:

- Marta (Raiceiras). Polo momento non continuarán coa actividade. Non virá as Asembleas pero participará nas visitas.
- Cándido (Árbore). Apenas participou ata o momento e a intención é participar algo máis no SPG. É unha ferramenta importante para facilitar a produción local con criterios sustentables, e coñecer distintas iniciativas de produción e consumo.
- Eduardo. Xa leva dous anos producindo.
- David, invitado. Produtor de Rubiós *interesado en entrar no SPG*. Leva xa algún tempo traballando e continúa a tradición familiar. Utiliza tanto terreos da familia como outros cedidos. Teñen a súa propia semente e planta. Poucos químicos usa exceptuando algo de xofre cando non lle queda outro remedio.
- Ánxeles. Representa a Despensa. Aínda que Despensa non é unha compradora do SPG porque en xeral a xente ten hortas, apoian o mesmo mediante a participación.
- Javier. Teñen produción en Matama, na Agolada (froita) e están vendo a posibilidade de producir elaborados.

- Estela. Ten bastante variedade de produción e vai tódolos sábados ao mercado das 4 ponlas.

- Luisa, invitada. Interesada en participar. A súa intención é poñer froita e mentres tanto sementar Trigo sarraceno, nabo, nabicol. Igual tamén un pouco máis adiante con horta. A finca chámase "Alfaias de Tebra". Tamén esta interesada nas abellas.

- Xacobe e Belén. Non poñen horta este ano. Están traballando con froiteiras e producindo pan.

2 Estado de contas

Diana enviará as contas a Ánxeles que as xestionará dende ese momento.

3 Mostra do posible, 5-6 de Outubro

Participarán Cris, Eduardo, Antía, David e Estela. Organizaranse **para levar produto e atender o posto**.

4 Encontro estatal, 15-17 de Novembro

Fálase de que no Encontro estatal tratarase a comparación-homologación de criterios de distintos SPG.

Como na anterior asemblea son varias as persoas interesadas pero que non poden confirmar se irán ou non. Antía indica que se ten que ir soa, probablemente non irá, porque xa leva varias reunións indo soa e xa lle da un pouco de vergoña.

5 Criterios para apicultura

Revísanse os criterios xa presentados en anteriores reunións, non están ninguén das persoas que participaron na redacción "mellorada" e iso leva a diferentes dúbidas que non podemos responder axeitadamente na reunión. **O tema queda adiado ate que as apicultoras que participen no SPG ou invitadas poidan propoñer unha redacción conxunta para a súa aprobación**. Luisa botaralle un ollo pero non ten interese particular por inscribir colmeas polo momento.

6 Criterios para elaborados

Hai un debate sobre se os criterios sobre elaborados quedaron ou non aprobados nalguna reunión anterior. Revisarase de cara a deixalo fixado para a vindeira asemblea.

7 Informe comunicación

Na anterior Asemblea quedouse en falar con Dani sobre a situación actual da páxina web. Estamos pendentes dese contacto.

O que se propón esquematicamente:

- Eliminar sección de novas ata que sexamos capaces de xerar noticias de forma periódica, doutra forma a páxina parece abandonada.
- Reparar enlaces á documentación.
- Actualizar folletos e facer nova impresión. Traer proposta para a vindeira Asemblea.
- Revisar actual uso de redes sociais, aínda que todo indica que non se chegou a iniciar este camiño nunca.

Cándido fará seguimento e informará na seguinte Asemblea.

8 Rogos e preguntas.

Cambio na data das visitas do grupo do Morrazo ao grupo de O Condado. **Creo que se quedou en facelo o 22 de Setembro, pero como o único a ser visitado sería David (novo membro), creo que se ofreceu Antía a facelo nesta ocasión. Non lembro moi ben.**

9 Seguinte asemblea: Orde do día.

- Na casa de Cris (Verxel de Coiro) o vindeiro Domingo 26 de Xaneiro ás 11h.